

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**O DÍA 04/09/2024**  
**(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)**

**PRESIDENTE**

ALBERTO VARELA PAZ

**CONCELLEIROS/AS**

Lista de asistentes

CARLOS COIRA LOJO

DIEGO GARCIA SANTIAGO

LINO MOURIÑO SANTIAGO

LUZ MARIA ABALO PÉREZ

PAOLA MARIA MOCHALES

SONIA OUTÓN CASAL

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

**SECRETARIA**

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

**INTERVENTOR**

ROSA M<sup>a</sup> OTERO PIÑEIRO

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 04/09/2024 reuníronse no Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión . Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 26-ago-2024, que se aprobou por unanimidade.

**RÉXIME INTERIOR**

**PRP2024/3151**

Dáse conta do escrito presentado por D. Manuel Garrido García, en representación de DISPAINT GALICIA SL, no que indica que ten unha tenda "PINTUNOVA" en Avda de Cambados num 11 e solicita a sinalización dunha zona de carga y descarga de uns 17 metros.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acora que se proceda á sinalización dunha zona de carga e descarga diante do número 2 da Rúa Camilo José Cela, posto que con ela se daría cobertura ao establecemento do solicitante e ao resto da zona.

Dar conta á Policía Local e Servizo Municipal de Obras (Servizo de Sinalización - Alvaro).

**PRP2024/3190**

Dáse conta do escrito presentado por Asociación Lar Pro Salud Mental, solicitando autorización para ocupación de vía pública na Praza de Galicia o último martes de cada mes durante os meses de (agosto, setembro, outubro e 7 de novembro).

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo

que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

### **PRP2024/3192**

Dáse conta do escrito presentado por Dona Maruxa Elena Chapela Bouzas, en representación da AA.VV. da Escardia, comunicando unha serie de deficiencias na contorna e que lles prexudican na vida diaria.

Dase conta de informe da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local acorda:

- A instalación dun espello á altura do nº 3 da Rúa Escardia para mellorar a visibilidade na curva.
- En relación co vehículo Citroen Berlingo, matrícula PO9195BP, atopase estacionado baixo o paso elevado situado na Rúa Escardia, o cal presenta unha aparencia de abandono, polo que o Servizo da Policía Local inicia un acta de vehículo abandonado.
- En relación co repintado da zona na intersección de Rúa San Xosé coa Avda. Rosalía de Castro, habería que facer a correspondente solicitude ante a Xunta de Galicia (titular da estrada).

### **PRP2024/3198**

Dáse conta de queixa formulada por D. David Chouza Alvite, responsable de DC PERFORMANCE, situado en Avda. Rosalía de Castro nº 120, baixo, con vao permanente nº 159, debido á mala visibilidade para saír do citado vao, polo que solicita que a praza de estacionamento para turismos que se atopa no lugar sexa reconvertida en estacionamento para motos.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda que se proceda á sinalización de estacionamento para motos no citado lugar.

Dar conta ao Servizo de Policía Local e Servizo Municipal de Obras (Servizo de Sinalización - Alvaro).

### **PRP2024/3199**

Dáse conta de escrito presentado por D. Santiago Pereira Lorenzo, en nome de Mala Herba Producións S. Coop. Galega Xuvenil con CIF F67820159, sede en Someso 6, 15008,A Coruña, como produtores executivos da obra audiovisual curtametraxe TRANSLATIO con subvención da Axencia Galega das Industrias Culturais e da Xunta de Galicia, solicitan realizar a súa rodaxe nas datas do 8 ao 11 de setembro na provincia de Pontevedra, en concreto, nos concellos de Vigo, Catoira e Vilagarcía de Arousa.

Solicita Permiso e apoio do Concello de Vilagarcía de Arousa e dos seus departamentos de Turismo e Policía Local para rodar na localización exterior Praia de Bamio, 67.

- OBTEN PERMISO PARA RODAR EN PRAIA DE BAMIO.
- CORTAR TODO ACCESO Á PRAIA DE BAMIO DURANTE 4H.
- POSIBILIDADE DE PRECISAR REGULAR O TRÁFICO DE VEHÍCULOS RESIDENTES EN RÚA CAMPANARIO PARA RODAR VARIOS PLANOS RECURSOS (1H MÁXIMO). Estrada asfaltada secundaria.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda conceder autorización para o solicitado en relación coas vías públicas de titularidade municipal, debendo poñerse en contacto coa Policía Local aos efectos oportunos, sen prexuízo de calquera outra autorización que fora necesaria para o desenvolvemento da actividade.

### **PRP2024/3202**

Dáse conta do escrito presentado por D. José Antonio González Boulosa, en representación de REVENIDAS SC, en relación con necesidades e operatividade da policía local con motivo da

celebración do evento REVENIDAS 2024, que terá lugar entre os días 12 ó 15 de setembro de 2024. Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica:

Procederáse á sinalización circunstancial dos espazos que se precisan ocupar, continuando co desaloxo dos vehículos previo ó montaxe e desenrollo do evento, que faranse paulatinamente a partires do día 1 de setembro, e que finalizarían na súa totalidade o as 14 horas do día 18 de setembro.

Desde o punto de vista do tráfico, o mesmo verase restrinxido pola ocupación da rúa Ramón Patiño, así como da explanada anexa a esta e a ocupación da zona de estacionamentos na rúa Avelina Nogueira, na marxe próxima ó Paque Dona Concha, e na rúa do Muelle, prohibindo o estacionamento de vehículos en ambas marxes, sendo esta a única rúa do dobre sentido de circulación que comunica as rúas Avelina Nogueira e Ramón Patiño.

En canto á xestión do tráfico a rúa Avelina Nogueira quedará restrinxida para o uso de residentes, usuarios da praza de abastos, carga e descarga e liña regular de buses, para o resto dos usuarios que circulen en sentido Vilagarcía a Cambados, serán desviados pola rúa Miramar e Ameixeiras cara á Avda. de Cambados (PO-549).

Para a xestión dos accesos á zona portuaria de Vilaxoán, así como o resto de vehículos que superen os 3.500 Kg ,terán acceso a través da rúa Veiga do mar, na intersección desta coa Avda. de Vilanova (PO-549), comunicándose directamente coa rúa Ramón Patiño.

En relación á seguridade exterior do evento e zonas de influencia, (acampada, estacionamento etc.), daranse instrucións ó obxecto de intensificar a vixilancia, e pasaráselle coñecemento do evento á Xefaturado Corpo Nacional de Policía da Comisaría Local.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a colaboración solicitada, comunicandolle que unha vez remate a actividade deixará as zonas nas condicións anteriores ao inicio da actividade.

### **PRP2024/3231**

Visto o informe da Policía Local en relación co correo electrónico enviado por Dona Tamara Santiago García, no que se indica que efectivamente o vial que procede da zona de Lomba de Bamio (xusto entre as empresas Thune Eureka e Carsa), na súa confluencia coa PO-192, precisa dun espello na outra marxe da calzada para facilitar a visibilidade dos vehículos que acceden, posto que a presenza de vehículos de grandes dimensións estacionados nos laterais reduce a visión para a incorporación á vía.

Tendo en conta o anterior a Xunta de Goberno Local acorda que se proceda á colocación dun espello na situación indicada.

Dar conta á Policía Local e Servizo Municipal de Obras (Servizo de Sinalización - Alvaro).

### **PRP2024/3234**

Dáse conta de informe da Policía Local no que indican que na Rúa Cervantes, en Carril, concretamente á altura do nº 60 estacionan vehículos ao comezo que leva á Rúa Rosa, tratándose dun punto moi estreito e que dificulta o paso de vehículos.

Na citada rúa existe unha liña amarela que impide estacionar na marxe dereita da mesma, considerando que debe estenderse dita marca viaria de cor amarela ata o número 60 da Rúa Cervantes para indicar que o estacionamento está prohibido e facilitar a circulación de vehículos nese paso estreito.

A Xunta de Goberno Local acorda que se proceda á sinalización da liña amarela de conformidade co informe da Policía Local.

Dar conta á Policía Local e Servizo Municipal de Obras (Servizo de Sinalización - Alvaro).

### **PRP2024/3235**

Dáse conta de escrito presentado por dona Belen Castroagudin López de queixas polo chiringuito situado xunto ao Paseo Marítimo Carril Vilagarcía, así como pola existencia de cableado e mal estado de valado de parcela situada a carón do Paseo.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle o seguinte:

- O establecemento situado na praia, xunto ao Paseo marítimo consta coa correspondente autorización de Costas. Ten un xenerador para o subministro enerxético xa que por parte da Empresa Naturgy non se realizou a conexión correspondente, non constando queixas sobre ruídos do local, e no caso de existir molestias de ruídos deberase seguir o procedemento da medición santométrica.
- En relación ao cableado existente na parcela do nº 103, efectivamente existe, pero non afecta á circulación viaria da beirarrúa.
- En relación co valado metálico da citada parcela, o cal podería caer polas diversas circunstancias climatolóxicas adversas, a Xunta de Goberno Local acorda requirir á Empresa ALISEDA para a reparación do peche.

### **PRP2024/3293**

Dáse conta do borrador de convenio entre Dona Maria Josefa Jueguen Camiño e o Concello de Vilagarcía de Arousa para a cesión temporal e gratuíta do uso da parcela situada na Rúa Xunqueira nº 39, cunha superficie de 509 m<sup>2</sup>, con referencia catastral 9052147NH1195S0001QM, sendo obriga do Concello o mantemento da finca e a realización das obras necesarias para a utilización como aparcamento.

A propietaria da parcela citada, cun preaviso de 1 mes, recuperará o uso exclusivo da mesma, e se repoñerá o cerramento de reixa similar ao existente antes da sinatura do convenio. Se transcorrido dito prazo o Concello non desocupou a finca poñendoa a disposición da propietaria, deberá aboar como cláusula penal a cantidade de 250 € por cada un dos días naturais que persista ou continue a ocupación da mesma.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a sinatura do citado convenio.

### **PRP2024/3271**

Dáse conta do escrito presentado por Dona Andrea Castro vázquez,, en representación de AREVA solicitando autorización para ocupación de vía pública coa instalación dunha carpa de 4x4 metros, na Praza de Galicia, o día 7 de setembro de 2024, en horario de 10:00 a 13:00 horas.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.

- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

#### **PRP2024/3324**

Nos Servidores do Concello están actualmente en funcionamento a aplicación informática EUROCCOP VB (versión Visual Basic) da empresa EUROCCOP SECURITY SYSTEMS S.L. , utilizada pola policía local para a xestión de todos os trámites administrativos da policía.

A forma de explotación actual da aplicación é en modo on-premises, é dicir, tanto a aplicación como a Base de Datos e resto de compoñentes están instalados nos servidores do Concello, sendo o servizo de Informática o encargado do seu correcto funcionamento, das copia seguridade, das actualizacións da aplicación etc.

A empresa EUROCCOP comunicou ao Concello que é urxente reempazar a actual aplicación EUROCCOP VB pola nova versión EUROCCOP CUBE. O motivo principal é que o ministerio de interior comunicou que a partir do 30 de setembro a forma de acceso aos datos da DGT será unicamente a través la Plataforma de Intermediación de Datos, esta forma de acceso só está implementada na versión EUROCCOP CUBE. Outros motivos importantes son que desaparece o servizo de soporte e mantemento da versión EUROCCOP VB (Visual Basic) a partir de decembro de 2024.

Polo Departamento de Informática indicase que o sistema de explotación da nova aplicación EUROCCOP CUBE debe ser en modo CLOUD, isto débese principalmente a necesidade de funcionamento da aplicación informática da policía tódolos días en 24x7, á necesidade de utilización de servizos da aplicación desde dispositivos móbiles as 24 horas e a obrigaón de mellorar e actualizar os sistemas de seguridade e auditoría dos recursos informáticos utilizados pola policía local.

Características principais do sistema de explotación en modo Cloud Computing:

- Servidores con balanceo redundante.
- Xestión. Monitorización e backup automáticos.
- Escalabilidade flexible segundo necesidades.
- Certificado TIER IV.
- Certificado de conformidade ENS categoría Alta.
- Certificado de conformidade Reglamento (UE) 2016/679
- Certificados: ISO 20000-1, 27001, b50001
- Certificados: STI 0002/2009

Produtos a contratar:

- Instalación da nova aplicación EUROCCOP CUBE nos servidores CLOUD da empresa. A custe cero.
- Migración da información da aplicación EUROCCOP VB á nova aplicación EUROCCOP CUBE. A custe cero.
- Servizos de soporte e mantemento. Incluídos na adxudicación a EUROCCOP para o ano 2024.
- Sistema EUROCCOP MOBILE (sistema de lectura automático de matrículas e Lector automático documentos de identidade). Sa custe cero o primeiro ano (2025).
- Servizo de hosting da aplicación EUROCCOP para explotación en modo "Cloud". O importe do hosting é 665,50 € IVE incluído para os meses de outubro, novembro e decembro de 2024. O importe anual para os vindeiros anos será 2.662,00 € IVE incluído.

Tendo en conta o anterior, a Xunta de Goberno Local acorda a adxudicación á empresa EUROCCOP SECURITY SYSTEMS S.L. dun servizo de migración da aplicación informática de xestión da Policía

Local EUROCOP VB á versión CUBE, a forma de explotación será en modo Cloud Computing e un servizo de aloxamento Cloud, para o período do 01/10/2024 ao 31/12/2024 por un importe de 665,50 € IVE incluído, con cargo á partida 9201.22706.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### **PRP2024/3363**

Dáse conta do escrito presentado por D. Rodrigo Santiago Portas solicitando a entrega da bicicleta eléctrica inmovilizada por carecer de autorización administrativa para circular.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda autorizar a devolución da bicicleta eléctrica previo aboamento das taxas devengadas, que ascenden a 35 euros, e comprometendose o solicitante recollela en vehículo adecuado para evitar o seu desprazamento pola vía pública e a continuar coa inmovilización do mesmo ata ter toda a documentación en regra para a súa circulación.

## **BENESTAR SOCIAL**

### **BENESTAR SOCIAL**

### **PRP2024/3267**

Dáse conta do listaxe definitivo para a cobertura de prazas no Programa de Conciliatardes, para o curso 2024/2025 cun total de 10 prazas e a puntuación correspondente de conformidade coas bases do programa, quedando prazas libres que poderán ser ocupadas por orde de presentación no rexistro de entrada sempre que se cumpran os requisitos do servizo.

.A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aprobar a citada lista definitiva.

### **PRP2024/3268**

En base ao informe emitido pola Coordinadora de Servizos Sociais, en relación ao gasto a asumir polo Concello relativo á atención educativa e comedor da Escola Infantil Municipal do mes de AGOSTO 2024.

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das seguintes contías:

1- Custe derivado da aplicación das bonificación do Decreto 49/2012 de réxime de prezos das escolas infantís 0-3 a asumir polo Concello en concepto de :

- Atención educativa: 8.207,30€.
- Comedor: 3.252,48€

2- Custe que lle correspondería aboar ás familias e a asumir pola Xunta de Galicia de acordo coa Orde do 10 de Agosto de 2023 en concepto de:

- Atención educativa: 3.024,17€

Polo tanto, a Xunta de Goberno Local, a acorda aprobar o pago a favor da Escola Infantil Municipal, Bonecos Vilagarcía, S.L. con C.I.F. nº B 94065661, en concepto de bonificación municipal pola atención educativa e comedor e gratuidade da atención educativa para as familias do mes de AGOSTO 2024, por importe de 14.483,95€, con cargo á partida 3213.48007.

### **PRP2024/3275**

Vista a proposta da Concellería de Servizos Sociais, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por OFTEFOR CB, para a realización dunha excursión á Illa de Cortegada (traslado en embarcación dende o Porto de Vilagarcía de Arousa e visita guiada á Illa), o día 9 de setembro de 2024, por un importe total de 423,50 € (IVE incluído), con caro á partida 231.22610. Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2024/3276**

Vista a proposta da Concellería de Servizos Sociais, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Previsión Balear, Mutualidad de previsión Social, correspondente a seguro de accidentes para a realización dunha excursión á Illa de Cortegada (traslado en embarcación dende o Porto de Vilagarcía de Arousa e visita guiada á Illa), o día 9 de setembro de 2024, por un importe total de 60,00 € (IVE incluído), con caro á partida 231.224.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2024/3366**

En aplicación do Regulamento da Escola Infantil Municipal, as Normas de Funcionamento e o baremo que figura na Resolución do 11 de marzo de 2024 pola que se convoca o procedemento de adxudicación de praza nas escolas infantís 0-3 para o curso 2024/25, e as solicitudes presentadas no prazo EXTRAORDINARIO establecido, dende a área de Servizos sociais publícase listaxe definitiva.

As solicitudes admitidas deberán formalizar a matrícula nas dependencias da Escola Infantil Municipal entre o 4 e o 10 de setembro de 2024, ambos incluídos

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aprobar a citada listaxe definitiva.

## **EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS**

### **MERCADOS**

#### **PRP2024/3274**

Dáse conta da solicitude de Dona Rosa María Martiñan Diz, de cambio de titularidade o seu nome, dos postos 42 e 43 da Praza do Peixe de Vilagarcía de Arousa, do que son concesionarios D. Joaquín Roque Martiñan Diz e Dona Teonila Suarez Ramos, do nº 42 e D. Joaquín roque martiñan e D. David Martiñan Diz, do nº 43.

Visto o informe do Xefe de Mercados, no que se indica que a Sra. Martiñan Diz cumpriu o proceso de transmisibilidade da concesión, de conformidade co preceptuado no Artigo 22 do Regulamento das Prazas de Abastos, como son o acordo de Xunta de Goberno Local, de data 08-07-2024 e a exposición ao público no Taboleiro da Sede Electrónica deste Concello, do 16 ao 30 de xullo de 2024 (15 días).

Así mesmo aporta o xustificante de pago da liquidación, por importe de 1.600 € (800 € por posto) en concepto de traspaso da concesión dos postos nº 42 e 43 da Praza do Peixe de Vilagarcía de Arousa.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o cambio de titularidade a favor de Dona Rosa María Martiñan Diz dos postos 42 e 43 da Praza do Peixe de Vilagarcía de Arousa, polos anos que queden de vixencia da concesión (dende o acordo da Comisión Municipal de Goberno de data 04-10-2013, do posto nº 42 e 24-11-2003 do posto nº 43), datas de adxudicación aos

anteriores adxudicatarios, correspondendolle por tanto 39 anos para o posto nº 42 e 29 anos para o posto nº 43.

### **PRP2024/3277**

Dáse conta do escrito presentado por Dona Andrea Carolina Ortiz Ferrer, solicitando a renovación da prórroga da concesión provisional, en aluguer do posto nº 7, exterior, da Praza de Abastos de Vilagarcía de Arousa, destinado a confitería e pastelería.

Visto o informe do Servizo de Mercados no que se indica que está en posesión de toda a documentación necesaria para o exercicio da actividade, e de conformidade co artigo 21.3 do Regulamento Municipal de Mercados, a Xunta de Goberno Local acorda conceder a renovación da prórroga por dous anos, da autorización provisional do posto nº 7, Zona H, exterior, da Praza de Abastos, continuando pagando o canon mensual do posto.

## **SANIDADE**

### **PRP2024/3241**

Co motivo das obras recentemente realizadas no Cemiterio de Vilagarcía de Arousa, depositáronse todo tipo de escombros na parcela sita na parte posterior deste Cemiterio. Con fin de poder retirar este escrombro é preciso alugar unha miniexcavadora e un dumper. Aproveitando este aluguer, levarase a cabo tamén tarefas para nivelar o terreo, retirando toda a vexetación e árboles no Cemiterio de Vilagarcía de Arousa. No Cemiterio de Carril os traballos pendentes consisten no vaciado do Osario e posterior traslado a Vilagarcía para a súa incineración, instalación dunha nova fonte e limpeza e retirada de escombro no acceso lateral ao Cemiterio.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa BAYGAR SL para o aluguer de miniexcavadora e dumper por 7 días, por un importe total de 1.505,01 € (IVE incluído), con cargo á partida 164.203.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## **XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA**

### **XUVENTUDE**

#### **PRP2024/3260**

Dáse conta da solicitude de colaboración da Asociación Xuvenil Arousa Moza e solicitude de uso dun espazo, na Praza de Galicia, para o desenvolvemento dunha actividade para celebrar o vindeiro día 7 de setembro de 2024 e que se denomina “Arousa Inspira”, en horario de 17.00h a 23.00h. Solicítan, así mesmo colaboración de varios departamento municipais.

Vista a proposta da Concellería de Xuventude a Xunta de Goberno Local acorda autorizar á Asociación Xuvenil Arousa Mosa para a realización da actividade, así como a colaboración municipal solicitada, debendo cumprir as seguintes condicións:

- Achegar, antes do comezo da actividade, o seguro de responsabilidade civil e recibo de abono do mesmo.
- Responsabilizarse do control de acceso e saída ao recinto solicitado así como do desenvolvemento da actividade no relativo ao control do aforo máximo da instalación.



- Cumprir as medidas hixiénico-sanitarias vixentes en todo momento nas instalacións solicitadas e nas actividades, así como aquelas ditadas polas autoridades sanitarias competentes e a respectar, as normas municipais de réxime interior das respectivas instalacións.
- Será a cargo da entidade organizadora, calquera tipo de taxa, imposto, da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que se deriven do desenvolvemento da actividade.
- A responder dos actos que se realicen na instalación e materiais concedidos e das consecuencias que deles se deriven, así como de toda responsabilidade civil derivada de calquera acto. As actividades que desenvolva o grupo de participantes na actividade ou entidade organizadora non teñen cosideración de actividade propia do concello de Vilagarcía, polo que os riscos, accidentes e danos derivados das actividades que desenvolva a entidade ou grupo serán responsabilidade exclusiva da dita entidade organizadora.

## **TURISMO E MEDIO AMBIENTE**

### **MEDIO AMBIENTE**

#### **PRP2024/3272**

O enxeñeiro técnico municipal, don Óscar Álvarez González, redactou o proxecto técnico denominado “Mellora do pozo de bombeo rúa Granxa - Bamio” cun importe de licitación de 17.825,96€ (IVE engadido).

O referido documento técnico vén a describir as actuacións necesarias para dar unha solución aos problemas detectados no bombeo da rúa Granxa, cunha antigüidade de superior a 20 anos e algúns dos seus elementos en moi mal estado, o que provoca que o seu funcionamento non sexa o adecuado.

Concretamente, e de conformidade co citado proxecto, as actuacións a realizar consisten en:

- Desmontaje de tubo guía, pedestal y bomba existente, y cestón de sólidos.
- Demolición de murete de hormigón y base de hormigón existente.
- Ejecución de nueva Base de Hormigón con HA-250/P/20 de 30 cm de espesor.
- Ejecución de rejilla con retención de sólidos en su parte inferior.
- Instalación de conjunto tubo guía, pedestal y bombas de Impulsión.
- Ejecución de colector en cámara de llaves para dos bombas de impulsión.

Para o cofinanciamento da execución das obras contempladas no proxecto de referencia, foi concedida mediante Resolución da directora xeral de Administración Local, de data 7 de xuño de 2024, axuda por importe de 10.924,57 € no marco da liña de concorrencia non competitiva do Fondo de Compensación Ambiental.

Solicitaronse orzamentos a tres provedores, presentando os seguintes:

- ALDIESA SLU: 14.732,20 € (sen IVE)
- CALDERERIA E MONTAXES A FONTE, SL: 14.732,00 € (sen IVE)
- TRANSPORTES Y CONSTRUCCIONES DIEGUEZ SL: 14.700,00 € (sen IVE)

Tendo en conta o anterior, a Xunta de Goberno Local acorda:

- 1.- Adxudicar o contrato menor de obras de “Mellora do pozo de bombeo rúa Granxa- Bamio”, á mercantil Transportes y Construcciones Diéguez, S.L. (B36118222), por importe de 14.700€ (IVE excluído), ao que lle corresponde un IVE (21%) de 3.087,00€, o que totaliza un importe de adjudicación (IVE engadido) de 17.787,00€, con cargo á partida 160.61900.
- 2.- Nomear ao enxeñeiro técnico municipal, don Óscar Álvarez González, como director de obra e coordinador de seguridade e saúde do investimento de referencia”.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación

emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## **POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE**

### **MULLER E PERSOAS MAIORES**

#### **PRP2024/3207**

Na XGL do 16 de maio de 2024 deuse conta da Resolución positiva da Secretaría Xeral da Igualdade do 3 de abril, pola que se acorda conceder unha subvención ao concello de Vilagarcía de Arousa destinada ao fomento da contratación de mulleres que sofren violencia de xénero.

Unha vez recibida dita resolución procedeuse a realizar a selección das mulleres a través do Centro de Información á Muller (CIM), tal e como establece a Instrución 3/2024 emitida pola Secretaría Xeral da Igualdade e a Dirección Xeral de formación para o emprego e orientación.

Dende o CIM do concello, unha vez seleccionadas as candidatas segundo os criterios establecidos para elo, enviáronse as comunicacións pertinentes á Secretaría Xeral de Igualdade informando sobre as mulleres seleccionadas para a comprobación do cumprimento dos requisitos.

O 14 de agosto recibíuse no Rexistro Xeral do concello o visto e prace por parte da Secretaría Xeral para a contratación das mulleres propostas logo das comprobacións oportunas, polo que infórmase á Xunta de Goberno Local que deberá procederse á contratación das catro mulleres antes do 31 de setembro, tal como se recolle nas bases da convocatoria.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda que se procede á contratación das mulleres seleccionadas, de conformidade co indicado na Proposta da Área de Igualdade.

## **CULTURA**

#### **PRP2024/3258**

No marco das tradicionais festas anuais de San Roque celébrase unha actividade pirotécnica de grande afluencia de público: O Combate Naval.

Este espectáculo que conta con máis de 150 anos de historia rememora o asedio das tropas españolas ao Callao no Perú en 1866.

Para a súa realización desenvólvese unha intensa actividade administrativa que engade desde a contratación da pirotecnia responsable (en 2024 foi a Pirotecnia Penide) ata a tramitación das solicitudes (desde permisos na Autoridade Portuaria, a Capitanía marítima de Vilagarcía e a Subdelegación do Goberno na provincia de Pontevedra).

Na súa organización está integrada a Policía Nacional, a Garda Civil e distintos servizos municipais (Cultura, Emerxencias, Contratación, Policía Local, ...)

A previsión confirmada polos servizos de meteoroloxía, dan unha previsión de choiva e vento para os días clave do Combate Naval: o sábado 24.

Ante esta previsión e para evitar riscos no desenvolvemento da actividade, decidiuse adiar o Combate Naval para o domingo 25 de agosto de 2024.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda dar conta á Deputación Provincial aos efectos oportunos.

#### **PRP2024/3261**

O vindeiro día 7 de setembro de 2024, celébrase unha foliada en homenaxe o gaiteiro veciño de Cornazo, gran músico, compositor e fundador do grupo Gramalleira, Xoán Guillán Barcala.

Ese mesmo día, 7 de setembro, colocarase no recinto, aledaño ao Centro Cultural Os Borrizos de

Cornazo, un monolito de pedra alusivo ao gaitero homenaxeado, Xoán Guillán, executado pola Escola de Canteiros de Poio.

O Concello de Vilagarcía, a través da Concellería de Cultura, colabora nesta homenaxe coa colocación dunha placa, polo que a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por VISUAL GRAPHICS IMAGEN Y PUBLICIDAD, S.L., por importe de 67,09 € (IVE incluído), en concepto de impresión de placa en metacrilato 5mm transparente, cantos pulido mediante corte láser, impresión en vinilo transparente espello, laminado traseiro ácido, branco, negro, de medidas 25x40 cm. coa inscrición: “DEDICADO A XOÁN GUILLÁN BARCALA, gaitero, compositor e fundador do grupo GRAMALLEIRA, en agradecemento á súa contribución á música e á cultura galegas”, con cargo á partida 334.22601.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### **PRP2024/3318**

